

A Consellería de Medio Ambiente vela pola conservación dos espazos protexidos de Galicia

Os espazos naturais protexidos de Galicia están a ser obxecto dun total de 44 actuacións de conservación e xestión, dentro do convenio de colaboración asinado a principios de ano entre a Obra Social de "La Caixa" e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. O acordo supón un investimento de 4,5 millóns de euros nas áreas protexidas da comunidades durante tres anos, ata 2009 inclusive. A finanxación, que é aportada por "La Caixa", distribúese en tres anualidades, a razón de 1,5 millóns de euros cada unha.

O plan de accións correspondente a 2007 recolle 44 actuacións en espazos protexidos da comunidade, co obxectivo de fomentar o uso público e a ordenación dos espazos, a conservación de hábitats e especies, impulsar unha mellor atención aos visitantes e divulgar os valores naturais das áreas protexidas.

Manuel Vázquez: "É necesario artellar medidas que acadan o equilibrio entre a protección do territorio e os que viven nel"


As actuacións foron presentadas a principios deste mes de outubro polo conselleiro de Medio Ambiente, Manuel Vázquez, e o delegado xeral en Galicia de "La Caixa", Jesús Pedraja. "Son os pri-

meiros froitos do convenio, que atendan a unha multitud de necesidades en materia de conservación, divulgación e estudo dos espazos protexidos", afirmou o responsable autonómico. Manuel Vázquez adiantou tamén que, en vindeiras fases do acordo con "La Caixa", vanse acometer "accións de maior calado e investimento, que cumplirán tamén co fin social do convenio, como é facilitar a integración de persoas en risco de exclusión social". Así, o conselleiro de Medio Ambiente anunciou que se vai poñer en marcha un importante programa de divulgación e fomento do coñecemento dos parques natu-

- 3 90.000 hectáreas da Rede Natura 2000 serán beneficiadas tralo convenio

rais, tanto por parte dos galegos como de visitantes doutras comunidades. Con tal fin, levarase a cabo un ambicioso plan de sinalización, meliora dos centros de interpretación existentes e creacion doutros novos, entre outras actuacións.

O responsable autonómico de Medio Ambiente recordou que, pese a que Galicia "se pode considerar un gran parque natural", os espazos protexidos só ocupan un 13% fronte a outras comunidades autónomas máis desenvolvidas como Castiña, na que esta porcentaxe supera o 30%. Por isto, "é necesario artellar medidas que acadan o equilibrio entre a pro-



tección do territorio e os que viven nel", engadiu o conselleiro.

As actividades de potenciación de uso público de espazos protexidos, guías de parques, así como programas de divulgación

da variedade de fauna, flora e espazos naturais estenderanse ao longo das 390.000 hectáreas da Rede Natura 2000, formada da actualidade por 72 áreas, ao longo dos vindeiros tres anos.

Proxectos financiados na anualidade de 2007

PROVINCIA DE A CORUÑA:

Parque Natural das Fragas do Eume:

-Adecuación do Centro de Visitantes de Monfero: 110.119 €; Reordenación espacial do entorno do Centro de Interpretación dos Bosques das Fragas do Eume: 49.882 €; Programa de atención e guiado de visitantes: 90.000 €.

Recuperación e mantemento da Lagoa de Valdoviño: 15.443 €

Parque Natural das Dunas de Corrubedo:

Servicio de información ao público da duna todo o ano: 30.000 €; Seguimiento da Avifauna: 12.000 €; Recuperación de *Emys orbicularis*, especie en perigo de extinción: 12.000 €; Monitoreo da duna móbil: 10.000 €; Monitoreo de hábitats prioritarios e de interese: 12.000 €; Mantemento de hábitats: 26.000 €

Xestión e fomento da estación ornitolóxica de Estaca de Bares: 17.046 €

Estudo e posta en valor do Camiño Costa da Morte: 63.491 €

PROVINCIA DE PONTEVEDRA:

Parque Natural do Monte Aloia:

Guía do Parque: 10.000 €; Elaboración dun boletín do

parque: 10.000 €; Eliminación de plantas exóticas e novas plantacións: 15.000 €

Acondicionamento da área do mirador de Cotorredondo: 30.000 €

Restauración do regato de Nerga na ZEPA de Costa da Vela: 6.000 €

Eliminación especies exóticas Baixo Miño: 12.000 €

Rexeneración hábitats no Istmo de A Lanzada: 4.500 €

PROVINCIA DE OURENSE:

Parque Natural do Xurés:

Promoción do uso público: 104.904 €; Elaboración dunha guía de patrimonio cultural e histórico: 3.000 €;

Proxecto de museificación do Centro de Interpretación da Geomorfología do Parque Baixa Limia-Serra do Xurés: 12.000 €

Parque Natural do Invernadeiro:

Elaboración guía de mamíferos: 6.000 €;

Parque Natural Serra da Enciña da Lastra:

Promoción uso público: 27.461 €; Elaboración estudios: 12.000 €

PROVINCIA DE LUGO:

Actuación na Aula da Natureza do Veral: 10.000 €

OUTRAS ACTUACIÓNES

Planificación de accións de erradicación de especies exóticas invasoras en espazos naturais costeiros protexidos: 12.000 €; Divulgación das especies incluídas dentro do catálogo de especies ameazadas: 15.000 €

Manual de interpretación dos hábitats naturais e semi-naturais de Galicia: 22.000 €

Prevención e vixiñanza de incendios nos parques naturais: 363.951 €

Estudo para a aproximación a unha rede de corredores ecolóxicos integradora dos espazos propostos para a Rede Natura: 30.000 €

Programa de divulgación "Vive ao natural" en Os Ancares, Caurel, Fonsagrada, Cospeito e Ourense: 17.500 €. Exposición sobre espazos naturais protexidos: 8.854 €

Exposición biodiversidade: 92.000 €

Exposición Rede Natura: 92.000 €

Estudo e control da poboación visión americano nos hábitats de Galicia: 30.000 €

Apoio á implantación dun programa de seguimento e avaliación de aves comunes: 37.000 €

Plan de recuperación de *Charadrius alexandrinus*, *Numerus arquata* e *Emys orbicularis*: 35.000 €

Atención para centro de mamíferos: 12.000 €